


PROGRAMACIÓN XERAL DA ANPA VALLE INCLÁN

CURSO 2024 – 2025



ÍNDICE

- 1. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DA ANPA**
- 2. SERVIZO DE MAÑANCEIROS**
- 3. SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR**
- 4. SERVIZO DE CAMBIADORES**
- 5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**
- 6. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**
- 7. PROXECTO DE DOAZÓN E INTERCAMBIO DE LIBROS DA ANPA**
- 8. FESTAS**
- 9. CAMPAMENTOS**
- 10. OBRADOIROS E FORMACIÓNS PARA O ALUMNADO**
- 11. OBRADOIROS PARA O PROFESORADO**
- 12. OBRADOIROS PARA AS FAMILIAS**
- 13. DOAZÓNS PARA A BIBLIOTECA ESCOLAR**
- 14. MELLORAS**
- 15. SUBVENCÍONS**
- 16. ASEMBLEAS E REUNIÓNS INFORMATIVAS DA ANPA**
- 17. CONSELLO ESCOLAR**

1. ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN DA ANPA

A Asociación de Nais e Pais Valle Inclán está formada por tódalas familias de alumnado escolarizado no CEIP Ramón María del Valle Inclán que desexan asociarse.

As inscricións no presente curso 2024-2025 son as seguintes:

- Familias socias: 182
- Alumnado:
 - Total: 235 crianzas, 51% do alumnado do centro (463)
 - Educación infantil: 79 crianzas, 60% do alumnado de EI (132)
 - Educación primaria: 156 crianzas, 47% do alumnado de EP (331)

O prezo da cota para asociarse á ANPA é de 35 €/curso por familia, independentemente do número de fillos e/ou fillas matriculadas no centro. Esta cota de familia socia exime do pago da cota de xestión de 50 € para facer uso do servizo de comedor.

A Xunta Directiva da ANPA está formada por un grupo de nais que traballan voluntariamente representando ó resto das familias. As tarefas e funcións na Xunta directiva están repartidas entre os cargos que son elixidos en asemblea. Na actualidade, conforman a xunta directiva as seguintes persoas:

Presidenta:	Lucía López-Prado Jiménez de Llano
Vicepresidenta:	Candela Rey Suárez
Secretaria:	Paula Agüete Rodríguez
Tesoureira:	Yolanda Díaz Goas
Vogais:	Adriana Mariño Uribe Lorena Márquez Fernández Miren Aránzazu Fernández Carro (representante no Consello Escolar)

O CEIP pon a disposición da ANPA un local no colexio no que se centraliza a actividade. O local está no edificio de infantil, na entrada, a carón da conserxería. En horario de 16:00 a 18:00 h. unha persoa que traballa para a asociación colabora coas tarefas administrativas, ofrece atención ás familias e supervisa os servizos que presta a ANPA.

2. SERVIZO DE MAÑANCEIROS

A empresa contratada pola ANPA para encargarse de levar a cabo o servizo de Mañanceiros é a empresa especializada Jardanay, que proporciona a coordinación e o monitorado. Ofrécense dúas modalidades no servizo: con almorzo e sen almorzo, para facilitar a conciliación ás familias.

HORARIO	07:30 a 09:00 h.
ALUMNADO INSCRITO	61 crianzas (26% dos socios) Modalidade con almorzo: 15 crianzas
MONITORADO	1 coordinadora e 2 monitoras

O custo para as familias en función da modalidade escollida é o seguinte:

SERVIZO MAÑANCEIROS	PREZO SEN ALMORZO	PREZO CON ALMORZO
5 DÍAS/SEMANA	21,73 €/MES	38,02 €/MES
4 DÍAS/SEMANA	17,38 €/MES	31,50 €/MES
3 DÍAS/SEMANA	13,04 €/MES	23,90 €/MES
2 DÍAS/SEMANA	8,69 €/MES	15,21 €/MES
1 DÍA/SEMANA	4,35 €/MES	8,15 €/MES
ESPORÁDICO	2,72 €/MES	3,25 €/MES
10% desconto no segundo irmán/irmá 12% desconto tres ou máis irmáns/irmá Esporádico non conta con desconto		

- Calendario: dende o primeiro día lectivo ate o último, ambos os dous incluídos.
- Inscripción: cubrindo o formulario destinado a dito servizo que está colgado na páxina web de Jardanay:

https://jardanaycomedores.es/valle-inclan/wp-login.php?redirect_to=https%3A%2F%2Fjardanaycomedores.es%2Fvalle-inclan%2F

As instrucións para facela inscrición están colgadas no apartado “Servizos” da web da ANPA Valle Inclán:

<https://anpa-valle-inclan.mozello.com/servizos/mananceirs/>

Para facer uso do servizo de Mañanceiros é obrigatorio ser familia socia da ANPA.

3. SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

A ANPA xestiona o comedor escolar a través dunha entidade contratada para ese fin, Jardanay, unha empresa especializada que presta un servizo de comida transportada e proporciona o equipo de monitorado.

O servizo de Comedor Escolar realízase nunha única quenda e todo o alumnado come á mesma hora. O horario do servizo de comedor é entre as 14:00 e as 16:00 h. O alumnado é recollido polo monitorado nas aulas ás 14:00 h. onde se pasa lista dos usuarios e usuarias. A saída do alumnado realízase entre as 15:15 e as 16:00 h.

HORARIO	14:00 a 16:00 horas
ALUMNADO INSCRITO	216 crianzas (92% dos socios) Educación Infantil: 76 crianzas Educación Primaria: 140 crianzas
TRABALLADORES	1 coordinadora, 14 monitores e 2 auxiliares de cociña

O custo para as familias en función dos días solicitados de servizo é o seguinte:

SERVIZO DE COMEDOR	PREZO
5 DÍAS / SEMANA	92,14 € / MES
4 DÍAS / SEMANA	77,12 € / MES
3 DÍAS / SEMANA	65,70 € / MES
2 DÍAS / SEMANA	43,80 € / MES
1 DÍA / SEMANA	21,90 € / MES
ESPORÁDICO	7,22 € / DÍA
10% desconto no segundo irmán 12% desconto tres ou máis irmáns Esporádico non conta con desconto	

- Calendario: dende o primeiro día lectivo ate o último, ambos os dous incluídos.
- Inscripción: cubrindo o formulario que está colgado na páxina web de Jardanay:
https://jardanaycomedores.es/valle-inclan/wp-login.php?redirect_to=https%3A%2F%2Fjardanaycomedores.es%2Fvalle-inclan%2F

Para facer uso do servizo de Comedor escolar as familias deben aboar á ANPA unha cota de xestión de 50 €. As familias socias da ANPA están exentas desta cota.

• **Convivencia**

No pasado curso o Xefe Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dende o Servizo de Apoio aos Servizos Educativos, nunha carta con data 2 de novembro de 2023, comunicou ás direccións dos centros indicacións ó respecto dos comedores escolares. Nesa comunicación explícase que “o comedor escolar está definido na normativa como un recurso educativo de carácter complementario (...)”. No documento establécese que “os comedores ANPA son de xestión privada sometida (...) ás directrices xerais establecidas pola dirección do centro escolar para a xestión dos espazos do centro escolar”.

Tal e como establecen as Normas de Organización e Funcionamento do CEIP (NOF) no seu Artigo 230 “serán obxecto de corrección as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte”.

Polo tanto, ante o incumprimento das normas de convivencia por parte do alumnado e ante as condutas contrarias á convivencia será responsabilidade do CEIP adoptar e establecer as pertinentes medidas correctoras.

O equipo directivo do CEIP solicitou este curso a colaboración da ANPA para a actualización dos protocolos do NOF no que respecta ó comedor escolar, polo que se está traballando conxuntamente pola mellora das condicións do servizo e da cativada.

• **Cota de xestión de comedor**

Trala carta do Xefe Territorial que acabamos de mencionar, quedaba establecido que as ANPAs non poden pedir a obrigatoriedade de ser familia socia ós usuarios do servizo de comedor escolar, dado que é un servizo complementario do centro (igual que o transporte). Tal e como se define na devandita misiva, as ANPAs dispoñen de autonomía para establecer os criterios de funcionamento e potestade de organización dende a transparencia.

Na asemblea extraordinaria de socios do día 17 de xuño de 2024 incluíase na orde do día o punto 5 “Información sobre os cambios na inscrición nos servizos da ANPA”. A opción proposta na asemblea para sufragar os distintos gastos que supón o servizo (seguros, xestoría, subvencións, materiais...) é cobrar unha cota de xestión de 50€ ás familias non socias que queiran ser usuarias do comedor. Esta opción foi revisada dende a Federación de ANPAs e moitas ANPAs da contorna adoptaron medidas similares para poder seguir

xestionando o comedor dende as asociacións cumprindo co principio de igualdade e solidariedade que o Xefe Territorial quere garantir ás familias.

A Xunta Directiva da ANPA xa solicitou ó inicio do presente curso levar ante o Consello Escolar o cobro desta cota de xestión de 50€, da que estarán exentas as familias asociadas á ANPA Valle Inclán.

• **Renovación do mobiliario de comedor**

Na mesma asemblea que acabamos de mencionar do 17/06/2024, aprobouse por maioría destinar integramente a axuda de Comedor da Xunta de Galicia do curso 2022-2023 (cun importe de 24.405,58 €) á adquisición de novo mobiliario para o comedor escolar.

Dado o mal estado das mesas e cadeiras, e pola seguridade e comodidade das crianzas, a Xunta Directiva da ANPA propuxo empregar a subvención concedida pola Xunta de Galicia para o cambio de mobiliario, dado que o pasado curso o Concello de Oleiros xa concedeu unha subvención a todas as familias usuarias que a solicitaron.

Solicitouse presuposto a empresas especializadas e estase estudando a mellor forma de optimizar os recursos para conseguir un comedor adaptado ás normativas de seguridade.

4. SERVIZO DE CAMBIADORES

Coma o curso pasado, ofrécese este servizo ás familias con crianzas matriculadas en educación infantil. A familia que desexa contratar o servizo ten a súa disposición a persoal de Jardanay que se despraza ó centro escolar para cambiar á crianza se fose preciso.

O horario de atención inclúe o horario lectivo, o de madrugadores e o de comedor.

O prezo mensual é de 16,50 € e por cada intervención 2 €.

HORARIO	07:30 a 16:00 h.
ALUMNADO INSCRITO	7 crianzas

• Calendario: dende o primeiro día lectivo ate o último, ambos os dous incluídos.

• Inscripción: cubrindo o formulario que está colgado na páxina web de Jardanay:

https://jardanaycomedores.es/valle-inclan/wp-login.php?redirect_to=https%3A%2F%2Fjardanaycomedores.es%2Fvalle-inclan%2F


Para facer uso do servizo de Cambiadores é obrigatorio ser familia socia da ANPA.

5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Como outros anos, a ANPA Valle Inclán quere dar opción ó alumnado do centro escolar de inscribirse en actividades extraescolares durante o curso 2024-2025. Ademais de contribuír e facilitar a conciliación familiar, é unha boa forma de que a cativada poida desfrutar do seu tempo de lecer con actividades divertidas e enriquecedoras.

As actividades extraescolares que se ofrecen actualmente no CEIP Valle Inclán son desenvolvidas pola ANPA Valle Inclán a través de convenios firmados con distintas entidades culturais e deportivas da contorna.

Dende hai dous anos comezouse a traballar con distintas entidades, e para o presente curso contamos coa colaboración de mais entidades, con moita experiencia e punteiras no traballo que desenrolan, o que proporciona moita calidade ás actividades das que pode desfrutar toda a cativada do noso colexio.



ISA VEIGA
Actividade: **YOGA**



ESCOLA GALEGA DE TEATRO MUSICAL
Actividade: **TEATRO MUSICAL**



LAURA GUALDA "NOS ARTE"
Actividade: **ARTE E PINTURA**



JUMPING KIDS
Actividade: **PEQUECHEF**
Actividade: **PONTE AL DÍA**
Actividade: **LUDOTECA**



ROBÓTICA EDUCATIVA "ROBOTIX"
Actividade: **ROBÓTICA**



ESCOLA DE MÚSICA "MODUM"
Actividade: **MÚSICA E MOVEMENTO**



JOSE LUIS VÁZQUEZ ROSALES
Actividade: **BAILE E MÚSICA TRADICIONAL**



MIRKO
Actividade: **XADREZ**



CLUB HÓCKEY "OLEIROS"
Actividade: **HOCKEY INICIACIÓN**
Actividade: **HOCKEY II**



CLUB BASKET "MONTROVE"
Actividade: **BALONCESTO**



CLUB BALONMANO "ATLÁNTICO"
Actividade: **BALONMÁN**



ESCOLA DE DANZA "SADANZA"

Actividade: **MULTIDEPORTE**

Actividade: **ACRODANCE**



ACTIVA

Actividade: **PATINAXE**

Actividade: **XOGOS DE MESA**

SOLICITUDE DE ESPAZOS PARA AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A ANPA Valle Inclán solicitou permiso ó **CEIP Valle Inclán** para o desenvolvemento das actividades extraescolares requirindo as pistas exteriores, patios cubertos de ambos edificios do centro, sala de usos múltiples, aula de arte, aula fronte a sala de profesores no piso superior do edificio de infantil e zona do final do corredor do andar baixo no edificio de infantil.

Solicitouse tamén o uso do Pavillón Municipal ó **Concello de Oleiros**. Co fin de revisar a adjudicación do Pavillón Municipal do Colexio Valle Inclán de cara ó curso 2024 2025 celebrouse unha reunión entre as Concelleiras de Deportes e de Ensino, técnicos de deportes do Concello, o equipo directivo do CEIP e membros da xunta directiva da ANPA.

Nesa xuntanza, o Concello manifestou que o número de usuarios e usuarias de clubs deportivos segue a medrar de xeito significativo, polo que a demanda de espazos de adestramento destas entidades vai en aumento e ten que buscar novas solucións. A única alternativa viable que se presentou á ANPA foi compartir o uso do pavillón durante tres días (martes, mércores e xoves) en horario de 17:00 a 18:00h. A división física da cortina da pista, así como as entradas e saídas separadas das persoas usuarias, empregando se fose preciso vallas delimitadoras, sería a forma de poder compatibilizar as actividades extraescolares da ANPA e doutros clubs alleos.

Esta medida de espazo compartido durante o curso 2024-2025 propónse de forma provisional, xa que nos meses de maio ou xuño de próximo ano terá que ser revisada de novo e a intención da ANPA é recuperar o uso do pavillón en horario escolar de 16:00 a 18:00 h para o alumnado do CEIP Valle Inclán.

CALENDARIO, HORARIO E INSCRICIÓNS NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

- Calendario: dende o primeiro día lectivo ate o último, ambos os dous incluídos.
- Inscripción: cubrindo os formularios correspondentes de cada entidade, que están colgados na aplicación web Miampa da ANPA Valle Inclán no apartado “Actividades extraescolares”:
<https://anpavalleinclan.miampa.com/extracurricular>

· O cuadrante de actividades extraescolares adáptase á demanda das familias usuarias. A súa realización está suxeita a acadar o número mínimo de alumnado inscrito.

No comezo do presente curso ofértanse as actividades extraescolares nos seguintes horarios:

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2024 – 2025 ANPA VALLE INCLÁN

HORARIO	CICLO	LUNS				MARTES				
16:00 - 17:00	INFANTIL	MULTIDORTE	HOCKEY I (INFANTIL+ 1º,2º PRIMARIA)			ARTE E PINTURA	YOGA	MÚSICA E MOVIMENTO		
	PRIMARIA	XADREZ	BALONCESTO	PONTE AL DÍA	HOCKEY I (1º, 2º EP)		YOGA (1º, 2º EP)	PONTE AL DÍA	BALONMÁN	ACRODANCE

17:00 – 18:00	INFANTIL	LUDIUMPING (LUDOTECA)	HOCKEY II			ARTE E PINTURA	PATINAXE		
	PRIMARIA	XOGOS DE MESA					BAILE E MÚSICA TRADICIONAL 17.00 A 18.30 HORAS (1 ½ HORA)	PATINAXE	

HORARIO	CICLO	MÉRCORES				XOVES				
16:00 - 17:00	INFANTIL	MULTIDORTE	HOCKEY I (INFANTIL+ 1º,2º PRIMARIA)			ARTE E PINTURA	YOGA	MÚSICA E MOVIMENTO		
	PRIMARIA	XADREZ	BALONCESTO	PONTE AL DÍA	HOCKEY I 1º 2º EP		(1º, 2º EP)	PONTE AL DÍA	BALONMÁN	ACRODANCE

17:00 – 18:00	INFANTIL	LUDIUMPING (LUDOTECA)	HOCKEY II			ARTE E PINTURA	PATINAXE		
	PRIMARIA	XOGOS DE MESA							

HORARIO	CICLO	VENRES	
16:00 - 17:30	INFANTIL	PEQUECHEF (1 HORA E MEDIA)	
	PRIMARIA	TEATRO MUSICAL (1 HORA E MEDIA)	ROBÓTICA (1 HORA E MEDIA)



ENTIDADE	ACTIVIDADE	PREZO / MES
CLUB HOCKEY	HOCKEY I – HOCKEY II	20,00 €
CLUB BASKET MONTROVE	BALONCESTO	20,00 €
CLUB BALONMANO	BALONMÁN	20,00 €
SADANZA	MULTIDORTE – ACRODANCE	20,00 €
MODUM	MÚSICA E MOVIMENTO	20,00 €
ISA VEIGA	YOGA	22,00 €
ACTIVA	PATINAXE – XOGOS DE MESA	22,00 €
JUMPINGKIDS	LUDOTECA – PONTE AL DÍA	24,00 €
NÓS ARTE	ARTE E PINTURA	24,00 €
MIRKO	XADREZ	25,00 €
ROBÓTICA	ROBÓTICA (1 ½ HORA)	32,00 €
JUMPINGKIDS	PEQUECHEF (1 ½ HORA)	32,00 €
ESCOLA GALEGA TEATRO MUSIC	TEATRO MUSICAL (1 ½ HORA)	25,00 €
JOSE LUIS VÁZQUEZ ROSALES	BAILE E MÚSICA TRADICIONAL (1 ½ HORA)	18,00 €

6. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Co fin explicar o funcionamento dos servizos xestionados pola ANPA o pasado verán houbo unha xuntanza con responsables da empresa que está redactando o PAU do CEIP.

De momento contamos cun borrador do anexo do PAU correspondente ós servizos da ANPA en horario escolar non lectivo (14:00 a 18:00 h).

7. PROXECTO DE DOAZÓN E INTERCAMBIO DE LIBROS DA ANPA

A ANPA Valle Inclán, en colaboración co centro escolar, xestiona o banco de doazón e préstamo de libros que serve para completar a axuda da Xunta que reciben as familias.

Este ano foron 19 familias de 3º de primaria as que doaron os seus libros e, polo tanto, foron tamén 19 as beneficiarias dos mesmos, coa fortuna de poder atender todas as solicitudes que recibimos. No caso de 4º de primaria, o número de familias que doaron foi tan so de 5, polo que quedaron moitas solicitudes sen poder atender.

En 1º e 2º de primaria os libros son funxibles polo que non forman parte do banco de libros, como en 5º e 6º EP, cursos nos está en vigor o programa E-DIXGAL no noso colexio, polo que o alumnado usa libros dixitais e libros funxibles.

O criterio seguido para adxudicar os lotes foi o seguinte: sorteouse dando prioridade os seguintes colectivos: primeiro as familias socias da ANPA que doaron libros este ano, despois as familias socias que non doaron, a continuación as familias non socias que doaron e, por último, as familias non socias que non doaron.

8. FESTAS

Como todos os cursos, a Xunta Directiva da ANPA ten a intención de promover a celebración de festas para toda a comunidade educativa en datas representativas.

9. CAMPAMENTOS

Co fin de facilitar a conciliación familiar e laboral, promovendo ó mesmo tempo actividades de interese e enriquecedoras para a cativada, a ANPA Valle Inclán propón cada curso diversos campamentos durante as vacacións e días non lectivos para que as familias teñan a opción de inscribir ás crianzas en campamentos no colexio.



Dados os bos resultados do curso pasado, a intención da xunta directiva da ANPA é continuar colaborando co **Clube de Ciencias** do noso colexio na organización dos **Campamentos de Ciencias**.


10. OBRADOIROS E FORMACIÓNS PARA O ALUMNADO

Ó igual que se fixo no curso pasado, a Xunta Directiva está aberta a organizar en colaboración co CEIP Valle Inclán obradoiros que sexan de interese para todo o alumnado.

Neste inicio de curso propuxéronse os seguintes:

- **“Cerebro e pantallas”**, a cargo da pedagoga María Couso.

Obradoiro dirixido ó alumnado de 3º ciclo de Educación Primaria, en horario lectivo acompañados dos seus titores.



- **“Explorando nuestro cuerpo”**, a cargo da xinecóloga e sexóloga Carol Strate. Obradoiro de educación sexual integral para educación infantil, 1º e 2º de educación primaria, en horario lectivo acompañados dos seus titores.



- **“Explorando nuestra sexualidad”**, a cargo da xinecóloga e sexóloga Carol Strate. Obradoiro de educación sexual integral para 3º, 4º, 5º y 6º de educación primaria, en horario lectivo acompañados dos seus titores.



11. OBRADOIRO PARA O PROFESORADO

- “Acompañamiento emocional para las buenas vidas”, con Sara Vierna.

No inicio deste curso, como novidade, a ANPA propuxo ó claustro de mestres participar en formacións sobre educación emocional, coa posibilidade de contar no noso colexio con Sara Vierna, educadora social experta en igualdade e educación emocional.





ACOMPANIAMIENTO EMOCIONAL PARA LAS BUENAS VIDAS

DIRIGIDO A PROFESORADO

OBJETIVOS
Facilitar una mirada al bienestar emocional en los contextos escolares, para que, el profesorado y también, alumnado y familias, puedan experimentar mejores vidas

- Favorecer reflexiones y claves sobre ser niña, ser niño u otras identidades de género en el contexto actual y el impacto en su desarrollo emocional.
- Potenciar la conciencia emocional como base para poder acompañar en la tarea pedagógica con mayor amabilidad y regulación emocional hacia una misma/o y hacia el alumnado
- Asesorar al profesorado al enfoque de la Comunicación no Violenta con el objetivo de generar relaciones más sanas y empáticas, en las que prevenir las tensiones diarias.

CONTENIDOS

- Trauma y desigualdad de género
- Espacios de seguridad emocional
- Conciencia emocional
- Comunicación no violenta

METODOLOGÍA
La formación es **práctica y experiencial** partiendo de **estudios e investigaciones** aplicadas al bienestar emocional en los contextos escolares y familiares con perspectiva de género.
Se adaptará, en la medida de lo posible, a las realidades y **necesidades del grupo** de participantes.
Algunos de los enfoques metodológicos en los que nos basamos son la **comunicación no violenta**, el **coaching educativo**, la **neurobiología interpersonal**, la **terapia centrada en la compasión** y el **mindfulness**. Además la formación se imparte desde una **perspectiva género** continua y transversal.

12. OBRADOIROS PARA AS FAMILIAS

Ó igual que o curso pasado, varias ANPAs solicitamos ó Concello de Oleiros a posta en marcha dunha iniciativa conxunta, celebrando obradoiros para as familias de varios colexios. Este curso solicitáronse ó programa da concellería de ensino:

- Obradoiro de educación para a saúde e a prevención das adiccións. O acoso e o ciberacoso. A prevención do suicidio infanto-xuvenil. O emprego prexudicial de internet e dos videoxogos
- Obradoiro de mediación
- Obradoiro de educación para a igualdade de xénero e a educación afectivo-sexual

13. DOAZÓNS PARA A BIBLIOTECA ESCOLAR

- Subscrición á “Revista Pantera”

Hai dous anos a xunta directiva da ANPA propuxo ó equipo docente encargado da biblioteca escolar contar coa revista Pantera (Editorial Sabana Books) na biblioteca do noso colexio. Durante este ano mantense a subscrición que inclúe os números da revista en formato papel e dixital, e inclúe descargables para docentes.



14. MELLORAS NO CENTRO ESCOLAR

Como cada ano, chegado o final de curso, a asociación fai un balance das necesidades para solicitar ás administracións os arranxos, reformas e melloras oportunas.

En xullo, unha vez comezadas as vacacións escolares do curso pasado, a ANPA Valle Inclán detectou algunha deficiencia nas instalacións do CEIP Ramón María del Valle Inclán de Perillo que trasladou ó Concello de Oleiros para que durante o verán se levasen a cabo.

Si ben algunhas delas xa foron emendadas, outras deberán agardar para levarse a cabo noutro período non lectivo.

- Comedor:

- Limpeza dos cubos de recollida de lixo do exterior
- Arranxo das portas que dan ó corredor
- Revisar antipánicos
- Revisar cristal da porta exterior
- Pintar as paredes do comedor

- Sala de arte:
 - Arranxo da porta corredoira
 - Levar ó punto limpo varias táboas
- Almacén baixo escaleira:
 - Colocación dun punto de luz no interior
 - Arranxo do baúl de madeira para almacenaxe de material situado na entrada do almacén
- Espazo ó final do corredor do piso inferior do edificio de infantil:
 - Colocación dunha cortina. Neste espazo gustaríanos poder ofrecer algunha actividade extraescolar para os pequenos de infantil, xa que está preto do baño e non teñen que subir escaleiras. Ademais das portas de cristal que delimitan a estancia, estaría moi ben contar con algunha cortina que permitise facer unha división “visual” do espazo.
- Saídas exteriores das aulas:
 - Colocación de rampas nas saídas exteriores das aulas de infantil e primaria, para adaptarse ó Plan de Autoprotección do CEIP
- Esquina Avenida Valle Inclán con Rúa das Anduriñas:
 - Pintado dos bordes das beirarrúas nun color que destaque para maior seguridade do alumnado que accede ó edificio de primaria pola porta azul
- Peche exterior do colexio:
 - Na zona lateral da Rúa das Anduriñas, o peche do colexio segue presentando mal estado das vigas de cemento e ferro á vista
 - Pintura do peche perimetral en diversas cores
- Espazos exteriores:
 - Arranxo de papeleiras.

15. SUBVENCÍONS

Como cada ano, a Xunta Directiva da ANPA xestiona a petición de diversas axudas que ofrecen as distintas administracións públicas.

O Concello de Oleiros a través da Concellería de Ensino subvenciona gastos asociados ás actividades extraescolares e culturais, que serven para ofrecer a toda a comunidade educativa opcións de calidade. Este verán solicitouse en tempo e forma a correspondente ó ano 2024.

A ANPA asinou novamente este curso 2024 2025 un convenio coa Concellería de Servizos Sociais do Concello de Oleiros, que durante o verán fixo os trámites oportunos para ofrecer ás familias que o solicitaron unha nova beca de comedor a través da asociación. Esta bolsa é unha nova modalidade, que chega a un maior número de familias , sufraga o 40%, o 60% ou o 100% do custe en función da renda e é aprobada antes do inicio do curso.

A Xunta de Galicia ofrece cada curso tamén axudas de comedor e outras que poden ser de interese para a asociación.

16. ASEMBLEAS E REUNIÓNS INFORMATIVAS DA ANPA

Como cada curso, en función das necesidades da actividade da ANPA, convocaranse as pertinentes reunións informativas e/ou asembleas coas familias.

17. CONSELLO ESCOLAR

Este curso notificouse o cambio de representante da ANPA para participar nas xuntanzas do Consello Escolar.

En Perillo, a 26 de setembro de 2024

XUNTA DIRECTIVA VALLE INCLÁN